

O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADICIÓN ORAL

CORTE Nº 6 CINTA 9



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO:

MPG_SaVi_0009_006_en_0_38_12_id659_D

AUDIO DE REFERENCIA:

MPG_SaVi_0009_006_en_0_38_12_id659.mp3

INFORMACIÓN DA ENTREVISTA

Esta ficha recolle o sexto corte dos que se divide a novena das 11 entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña.

O informante fala dos alcumes de varias persoas de Cangas e Moaña e explica de onde viñan. Moitos tiñan relación coa vida do mar.

NOTA DAS EDITORAS

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcricións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas. Nós elegimos presentar na rede as editadas (revisadas e cortadas en varias partes) polo propio compilador para optimizar o traballo de busca.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

DATOS DO CORTE

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 13 de agosto de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
Lugar/ aldea/ barrio: O Carmen
Parroquia: O Carmen
Concello: Moaña
Provincia: Pontevedra
País: Galicia

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción fíxose nos 90 e foi revisada no 2021 polo propio compilador e o persoal do APOI.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal cual foron ditas. Nalgúns casos, o compilador introduciu notas a pé para aclarar termos ou expresións, ou ben para aportar algún dato relevante sobre o que está falando.

As partes nas que non se entende ben o que di o informante están sinaladas con: (?)

PALABRAS CHAVE

mar, alcume, alcuño, peixe, embarcación, Moaña, Cangas.

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias

TRANSCRICIÓN DO CORTE Nº 6 DA CINTA 9



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

P: Imos falar de un motivo que usa todo o mundo, como son as alcuñas, os apodos, alcuñas relativos ó mar, porque hai muita xente aquí hai algún que non saben como se chama de nome, pero preguntan polo “Caramuxo” e xa saben quen é, e de peixes de mar así hai moitos, rinchas, fanecas...

R: ¿Sabes quen é o (?) deses, deses nomes?. Son os mesmos rapaces, os mesmos rapaces. Nós poñemos nomes o nome de pila, non se sabe, se sabe o nome que lle dabamos os uns ós outros, “muitas veces falta o Manote”...

P: O “Coxo”, o “Xordo” ou o que tivera. Si.

R: A min sempre me chamaron “Pepe de Fanico”, “Pepe de Fanico”

P: E o meu abuelo tamén era o “Coxo de Fanico”, ¿de donde ven, non sabe?

R: Quen sabe, porque os abuelos...había moitos “Fánicos” aquí, Villaverdes, Villaverdes había moitos, “Fanico” era José de “Fanico”, era Manuel de “Fanico”, tío Manuel e eu.

P: O “Fanico” eso ¿como se originou esa alcuña?

R: Nunca fun capaz de sabelo, teño preguntado ó abuelo, de donde viña o nome de “Fanico”, a abuela tiña Concepción “A Chasca”.

P: “A Chasca”.

R: Dicen que Viña da Casanova¹ O apodo viña da Casanova. Estaban alí tres ou catro...,(?) porque antes vivían alá na Casanova de xunto a igrexa, debaixo da igrexa.

P: Si xa sei donde é, e sabe, ¿acordase de alcuñas relativas ó mar? e a nomes de peixes, como o “Caramuxo”, non sabe porqué lle puxeron o “Caramuxo” ¿non?

R: O “Caramuxo”, porque ven do nome dos pais xa.

P: Si dos pais sí, moitas veces herédase claro.

R: O “Caramuxo” sempre iba polas pedras, e como iba polas pedras moitas veces, pola media mar a veces, iba a coller caramuxos e así...

P: E puxéronlle o nome así, ¿e a “Rincha”? Hai “Rinchas”, hai “Fanecas” tamén, alí na Canexa arriba.

R: ¿A “Faneca” sabes porqué lle puxeron o nome? A “Faneca” lle puxeron o nome porque era grande e mui espatelada ¿non?

P: É mui ancha.

R: Era mui espatelada. Era alta ¿non? Pero mui delgada, e puxéronlle a “Faneca”, e a todos fillos pois puxéronlles... Ese é nome público. Eses nomes son nome públicos. Poñíamos un como outro...(?)

P: E que outros nomes acordase, que outras alcuñas se lembra por aí ¿o “Casón”?

R: O defunto de Parada chegou a ter dous barcos² da baca ¿non? Bueno, pasou o tempo, e vendeu un barco, para Vigo. Non o vendeu, pagou deudas de roupas e comestibles e iso e despois apoderouse de el o vendedor, porque era co que tiña deudas, era o que vendía o pescado, o vendedor vendeuno para Cangas. E indo o barco viña andando polo mar, e xa o estaban bautizando en Cangas.

P: ¿Sí? ¿E como lle puxeron?

R: O “Roubado” (rise). O “Roubado”... en Cangas....

P: En Cangas eran moi propensos a iso,

R: Forasteiro que entraba en Cangas, sin (?) do mar... a todo (?). Entrou de outra vez, outro barco que lle puxeron o “Cu ó aire”.

P: “Cú ó aire” ó barco.

¹ Casanova, topónimo do barrio de Abelendo, no camiño que vai dende o cemiterio á igrexa de S. Martiño.

² O alcalde José Parada, tivo dúas “bacas”, Unha chamábanlle “Marzo” e sobre o ano 1922 ou 1923, prendéronlle lume cando ía rumbo á Vigo. Culparon ao sindicalista e posterior alcalde republicano José Romero.



R: Porque levantaba muito de popa (rie).

P: Muito de popa. Claro. Así que non eran solo ás personas, tamén ós barcos lle poñían alcuñas.

R: ... (?) faciamos ese rapáz do “Beillador”. Ese rapaz do “Beillador” que...(?) aquí, que morreu o irmán, que aí atrás apareceu morto na casa.

P: ¿E quen me dixo?

R: “O Beillador”.

P: ¿”O Beillador”?

R: “O Beillador” era fillo de Martinez, deses Martínez do Casal.

P: Non me dou conta de quen é.

R: Un que lle chamaban Manolo que andaba co (?), ese, o home tuvo a desgracia de ter unha man inútil, e xa de pequeno, ó empezar a andar, puxeronlle “Manote”, “Manote”, “Manote” e “Manote” lle quedou. E non te opoñas que che queda gravado.

P: E se te opós a veces é peor.

R: Dase a casualidad, que eu xa tiña o barco, xa era... completamente no Movimiento³, truxen unha pouca rede de Vigo do comercio, compreina e dínxenlles, bueno ahora mandarma no barco⁴ que espero eu en Moaña. Efectivamente mandáronma no barco e dixéronlle (ó chegar a Moaña?) “Para quen é esta rede” “É para José Bernárdez Villaverde” (rise).

P: Ninguén o conocía. Por Bernárdez Villaverde nadie o conocía.

R: Cando lle dixen eu que me puxeran Pepe de “Fanico”.

P: Entonces xa, xa o conoceu todo o mundo ¿E acordase así de máis casos? Alguén lle chamou “O Casón” ¿Non hai ningún que lle chamen “O Casón” ou “A Casona”?

R: Eses son de alá do Casal.

P: Do Casal. E o motivo así polo que lle chamaban non...

R: Todo.

P: ¿E a “Chincha”?

R: A “Chincha”.

P: De peixes de mar ¿a algun lle chamaban “A Faneca”, “A Faneca” ou “A Sabenlla” ou non?

R: “A Sabenlla” era o que dixeras ti.

P: Pero a algunha persona puxéronlle de alcume “A Sabenlla”, ¿non?

R: “A Sabenlla” era o pai deste, o que dixeches ti, o que dixeches ti o primeiro ¡coño!, os abuelos dos...

P: Pero a algunha persona puxéronlle de alcume “A Sabenlla”, ¿non?

R: “A Sabenlla” era o pai destes, todos que dixeches ti, o que dixeches ti o primeiro ¡coño!, os abuelos dos “Caramuxos”.

P: Os abuelos dos “Caramuxos” eran os “Sabenlla”.

R: Eran os abuelos dos “Caramuxos”.

P: E lorchas ou serráns, ou algo así, non conoce máis alcuñas, non? [córtase]

³ Refírese ao agolpe militar de 1936.

⁴ Neste caso era para levar ao barco de pasaxeiros e transportes que facía ruta Vigo-Moaña